



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 - Fax:

981-292056. Correo: [secretariogeneralfga@gmail.com](mailto:secretariogeneralfga@gmail.com)

Página Web: <http://www.atletismogalego.org> - 15008 - A CORUÑA



XUNTA  
DE GALICIA

### **CIRCULAR 55-2014**

- A todas as Delegacións (\*)

- A todos os asambleístas

- A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(\*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

## **IMPRESO DE SOLICITUDE E NORMATIVA PARA A ORGANIZACIÓN DE CAMPIONATOS GALEGOS NA TEMPADA 2014/15**

Todas aquelas institucións ou entidades que desexen presentar a súa candidatura para asumir a organización de calquera dos Campionatos Galegos que esta FGA oferta anualmente, deberán enviar **correctamente** cumprimentado o presente impreso (un por competición) comprometéndose a cumprir co sinalado nesta circular.

Calquera dúbida ou información específica sobre algún aspecto desta normativa pode contactar cas seguintes persoas da FGA:

#### **DIRECTORIO DE CONTACTO DO PERSOAL DA FGA**

<i>TEMA</i>	<i>PERSOA</i>	<i>EMAIL</i>	<i>TELÉFONO</i>
<i>Coordinación xeral</i>	<i>D. Víctor Arufe</i>	<i>secretariogeneralfga@gmail.com</i>	<i>645973846 981-291683</i>
<i>Inscripcións, resultados e páxina web</i>	<i>D. Luis Gómez</i>	<i>gestion@fgatletismo.com</i>	<i>981-291683</i>
<i>Xuíces e control técnico</i>	<i>D<sup>a</sup>. Dolores Rojas</i>	<i>gestion@fgatletismo.com</i>	<i>981-291683</i>
<i>Medios de comunicación e prensa</i>	<i>D. Víctor Arufe</i>	<i>secretariogeneralfga@gmail.com</i>	<i>645973846 981-291683</i>
<i>Servicios médicos</i>	<i>D. Mariano Castiñeira</i>	<i>gestion@fgatletismo.com</i>	<i>981-291683</i>
<i>Trámites seguros R.C. e Accidentes</i>	<i>D. Víctor Arufe</i>	<i>secretariogeneralfga@gmail.com</i>	<i>645973846 981-291683</i>
<i>Regulamentos técnicos</i>	<i>D<sup>a</sup>. Madó González</i>	<i>direcciontecnic@fgatletismo.com</i>	<i>981-291683 645-973915</i>
<i>Contabilidade e Tesourería</i>	<i>D. Claudio Hornillos D<sup>a</sup>. Yolanda González</i>	<i><a href="mailto:tesoreria@fgatletismo.com">tesoreria@fgatletismo.com</a> <a href="mailto:contabilidad@fgatletismo.com">contabilidad@fgatletismo.com</a></i>	<i>981-291683</i>
<i>Escola Galega de AdestRADORES</i>	<i>D. Víctor Arufe</i>	<i>secretariogeneralfga@gmail.com</i>	<i>645973846 981-291683</i>
<i>Carreiras Populares</i>	<i>D. Víctor Arufe</i>	<i>secretariogeneralfga@gmail.com</i>	<i>645973846 981-291683</i>
<i>Certificados e subvencións</i>	<i>D. Víctor Arufe</i>	<i>secretariogeneralfga@gmail.com</i>	<i>645973846 981-291683</i>

O prazo de recepción das peticións para a tempada 2014/15 remata o **8 de outubro do 2014**.

Unha vez recibidas tódalas solicitudes a Xunta Directiva e a Comisión Delegada da FGA analizará as mesmas e designará as sedes dos distintos campionatos, téndose en conta principalmente a cuantía da oferta complementaria que fagan os organizadores e o informe técnico.

No caso de que queden campionatos sen designar, estes concederáanse por orden de chegada das solicitudes con data posterior ao 11 de outubro do 2014.



## **NORMATIVA E MANUAL DO ORGANIZADOR**

### **A) NORMAS XERAIS**

Art. 1.- Para poder optar a organización dun Campionato Galego o organizador deberá dispor dos permisos necesarios para a utilización das instalacións e material adecuado de acordo as esixencias da competición que solicite. Tamén deberá cursar as solicitudes a outros organismos se fose preciso (probos de ruta, circuíto urbán, etc.). Será sempre responsabilidade das delegacións da FGA supervisar o estado das instalacións e do seu material de competición co fin de que a competición poida celebrarse adecuadamente.

Art. 2.- Serán por conta do solicitante os gastos relativos á organización da proba (ver capítulo Gastos), tendo a disposición todo o material necesario para celebrar con normalidade a competición, e no caso de precisar algún material, deberá solicitálo directamente á FGA correndo cos gastos que se ocasionen.

Art.3.- É competencia da FGA fixar e supervisar o protocolo da competición, aínda que o desenvolvemento do mesmo o efectúe o Comité Organizador do Campionato. O organizador debe cumprir todo o sinalado no Anexo I “Protocolo da competición” e remitir por fax unha semana antes da competición a súa aceptación xunto ao organigrama do campionato.

Art. 4.- O nome e o escudo da FGA, o logotipo do Deporte Galego, o logotipo da Secretaría Xeral para o Deporte e o logotipo dos patrocinadores da FGA, deberán figurar con carácter destacado en tódolos carteis, programas, folletos, etc. que se confeccionen con motivo da competición. **A FGA supervisará a CARTELERÍA e obxectos que se impriman en relación ao Campionato, non poidendo imprimirse nada sen a súa autorización.**

Art. 5.- A FGA a través do seu Comité Galego de Xuices será o responsable da designación do Xurado que controlará a competición.

Art. 6.- Nas probas en pista, será obrigatorio a utilización e pago da cronometraxe eléctrica. Asemade no Campionato Galego de Cross Absoluto e no Galego de Media Maratón será obrigatorio o uso de chips cando no evento participen mais de 200 atletas.

Art. 7.- O organizador debe facilitar á FGA unha copia en soporte informático dos resultados da competición ao finalizar a mesma, a cal a distribuirá entre os seus estamentos e publicarana na páxina web.

### **B) ADXUDICACIÓNS**

Art. 8.- A FGA eleixirá, unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes aquelas solicitudes que estén correctamente cumprimentadas e designará no caso de que existise mais de unha solicitude para a organización dun campionato aquela que presente unha mellor **oferta complementaria** e un **mellor informe técnico** de desenvolvemento da competición.

Art. 9.- Non se admitirá ningunha solicitude que non veña co visto bo e sinatura da Delegación na que se tramite.

---



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 - Fax: 981-292056. Correo: [secretariogeneralfga@gmail.com](mailto:secretariogeneralfga@gmail.com)  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> - 15008 - A CORUÑA



XUNTA DE GALICIA

### C) PUBLICIDADE

Art. 10.- A explotación dos dereitos publicitarios dos distintos Campionatos Galegos, tanto dentro da instalación como fóra pertencen á Federación Galega de Atletismo. A mesma poderá executarse en forma de:

- Carteis oficiais.
- Dípticos e trípticos.
- Dorsal de competición.
- Pancartas
- Cuñas publicitarias en radio ou prensa escrita.
- Comercialización de produtos e stands.
- Rodas de prensa.

Art.11.- En tódolos Campionatos Galegos colocaranse pancartas dos patrocinadores da FGA nos sitios sinalados pola mesma, especialmente detrás do podium e na recta de chegada.

Art. 12.- Os dorsais deberán ser encargados con tempo suficiente á FGA nos cuais figurarán os logotipos dos patrocinadores.



# 123



(modelo de dorsal orientativo da FGA)

Art. 13.- As pancartas tamén serán proporcionados pola FGA debendo ser o propio organizador quen sen encargue de montalas e recollelas na instalación deportiva (no caso de haber patrocinadores)

Art. 14.- O cartel oficial do evento deberá seguir a seguinte liña de deseño: Nome do Campionato, lugar, data e hora de inicio da competición. Tamén se incluírán o logotipo da FGA, da Secretaría Xeral para o Deporte e do Deporte Galego, xunto cos logotipos dos patrocinadores, todos estes nun lugar que permita a máxima visibilidade. A maiores poderanse incluír logotipos de empresas colaboradoras locais, sempre nun tamaño menor do resto dos logotipos anteriormente citados. O deseño deste cartel deberá presentarse á FGA antes da súa publicación polo menos con 30 días de antelación, para a súa aprobación definitiva.

(modelo de cartel que deberá facer o organizador)



Art. 15.- O organizador convocará unha roda de prensa convidando aos medios de comunicación locais, para isto poderá contar ca axuda do responsable de comunicación da FGA. A mesma estará presidida polo representante da organización e deberá convidarse ao delegado da FGA no ámbito territorial do evento e as personalidades representantes das institucións ou organismos que patrocinen o campionato (concello, deputación, etc.). Serán susceptible de invitación aquelas empresas que



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 - Fax: 981-292056. Correo: [secretariogeneralfga@gmail.com](mailto:secretariogeneralfga@gmail.com)  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> - 15008 - A CORUÑA



XUNTA  
DE GALICIA

colaboren materialmente co mesmo. Esta roda de prensa farase a lo menos con 3 días de antelación ao comezo do evento e contará co cartel oficial do mesmo como fondo.



(modelo de roda de prensa que deberá convocar o organizador)

### D) RECURSOS HUMANOS NECESARIOS

Art. 16.- Son condicións imprescindibles para poder optar a unha organización dun Campionato Galego dispor de:

- Nº. suficiente de **xuices** (Este número será fixado polo Comité Galego de Xuices).
- Nº. suficiente de **persoal de campo**: Os cuais asumirán tarefas de recollida de material, movemento de material con rapidez suficiente de acordo ao horario establecido, etc.
- Nº. suficiente de persoal de **secretaría e megafonía**. Sendo preciso dispor dun ordenador, fotocopiadora, boa megafonía, fotocopiadora, impresora, etc. A megafonía deberá ser feita en galego.
- Nº. suficiente de **persoal voluntario**: Con tarefas de colocación de marcadores, cestas de roupa dos atletas, avituallamento, etc.
- Nº. suficiente de **persoal sanitario e servizo de ambulancia**: A organización deberá dispor obrigatoriamente da presenza dun médico colexiado e dunha ambulancia a lo menos media hora antes do inicio da competición ata finalizar a última proba. **Non se autorizará a celebración da proba senón está presente o médico e a ambulancia no lugar da competición.** Tamén e recomendable por a disposición dos atletas un servizo de masaxe ou fisioterapia.
- Valorarase tamén que a organización concertase prezos para a manutención e aloxamento, se é o caso, dos atletas dos clubs participantes

Art. 17.- O organizador debe remitir á FGA unha semana antes da competición o organigrama do anexo I

### E) RECURSOS MATERIAIS E INFRAESTRUCTURAS NECESARIAS

Art. 18.- Agás os campionatos galegos de media maratón, maratón, 10.000 metros ruta, milla, marcha ruta e montaña, o resto de campionatos (pista aire libre) deberán contar cas seguintes infraestructuras:

- Pista de atletismo, preferiblemente, de 8 calles con equipamento completo (Colchonetas, vallas, obstáculos, saltómetros, fosos, etc.)
- Iluminación eléctrica suficiente.
- Graderío.
- Vestuarios de atletas e aseos para o público
- Servizo de megafonía.
- Sala de secretaría
- Sala de cámara de chamadas
- Sala de homologación artefactos.
- Sala de masaxe, fisioterapia ou servizos médicos.



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 - Fax: 981-292056. Correo: [secretariogeneralfga@gmail.com](mailto:secretariogeneralfga@gmail.com)  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> - 15008 - A CORUÑA



XUNTA  
DE GALICIA

- Sala para xuíces.
- Zona de quecemento acotada.
- Podium
- Mástiles e bandeiras.
- Almacén para gardar o material
- Bancos e antucas para os atletas nas zonas de lanzamento e saltos.

Art. 19.- Asemade o organizador deberá preveer o seguinte material para os xuíces e técnicos da competición co fin de poder levar a cabo a competición optimamente

- Sinalización das principais salas e zonas da instalación.
- Antucas e cadeiras para os xuíces, así como paraugas no caso de choiva.
- Fotocopiadora, impresora e ordenador.
- Augas.
- Maletín de homologación de artefactos.

### D) GASTOS DO ORGANIZADOR

Art. 20.- O organizador unha vez que se lle adxudique a organización do evento que solicita deberá asinar por escrito un contrato no cal se comprometa a asumir os gastos relativos ao canon e os gastos propios derivados da organización do evento. No caso de renunciar a celebración da competición, deberá aboar os gastos que se producisen ate a data, mais unha indemnización.

Art. 21.- Os canon establecidos para a presente tempada 2014/15 son os seguintes:

- Cpto. Galego Absoluto e relevos de clubs pista aire libre	1.000 €
- Cpto. Galego de Cross largo absoluto e promesa	1.000 €
- Cpto. Galego de Clubs pista aire libre	500 €
- Cpto. Galego de Media Maratón	500 €
- Outros Campionatos Galegos non contemplados	300 €

Estas cantidades ingresaránse na conta bancaria da FGA ou por medio de talón nominativo á FGA. En ambos os dous casos estas cantidades deben ser aboadas a lo menos un mes antes do inicio da competición.

Art. 22.- O organizador asumirá o pago dos gastos derivados da actuación dos seguintes colectivos:

- Xuíces.
- Persoal de secretaría e megafonía.
- Persoal de campo.
- Voluntarios.
- Servicios médicos
- Así como os gastos que ocasione o delegado federativo o mesmo día da celebración da competición.
- Tamén asumirá os gastos derivados da cronometraxe eléctrica e xestión de chips (se é o caso).

Art. 23.- O organizador asumirá o pago dos gastos da homologación dos circuitos de marcha, ½ maratón y Maratón. Así como do aluguer do sistema de videofinish, se fora o caso.

---



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 - Fax:  
981-292056. Correo: secretariogeneralfga@gmail.com  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> - 15008 - A CORUÑA



XUNTA  
DE GALICIA

Art. 24.- O organizador proporcionará mediante xestión ou aluguer o seu cargo, vestiario con duchas, a ser posible con auga quente, en toda-las competicións, ademais de material de competición do que non dispoña.

Art. 25.- O organizador deberá encargar á FGA as medallas oficiais da FGA (medallas aos tres primeiros de cada proba e categoría). Os gastos derivados das mesmas correrán por conta do organizador no caso de que este sexa algunha das delegacións da FGA, ou correrán por conta da FGA no caso de que o organizador sexa alleo á FGA. Nas competicións donde existan trofeos (campionatos de clubs) estes serán por conta dos organizadores. Os imperdibles deberán ser proporcionados polo organizador.

Art. 26.- O organizador asumirá os gastos derivados do deseño e impresión da cartelería do evento: carteis e trípticos ou dípticos.

Art. 27.- A FGA asumirá os gastos do desprazamento dos membros da Xunta Directiva que designe para facer o seguimento e avaliación da competición, os gastos de dorsais, medallas, e das pancartas dos patrocinadores.

---



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 - Fax:

981-292056. Correo: secretariogeneralfga@gmail.com

Página Web: <http://www.atletismogalego.org> - 15008 - A CORUÑA



XUNTA  
DE GALICIA

### MODELO DE SOLICITUDE DE CAMPIONATO GALEGO

O Club/Concello/institución \_\_\_\_\_ solicita á FGA lle sexa concedida a organización do seguinte Campionato Galego na tempada 2014/15

- Cpto .Galego Absoluto e relevos de clubes (1000 €)
- Cpto .Galego de Cross largo absoluto e promesa (1000 €)
- Cpto .Galego de Clubes (500 €)
- Cpto .Galego de Media Maratón (500 €)
- Outros Campionatos Galegos non contemplados (300 €) *Especificar nome:*

Campionato Galego de \_\_\_\_\_

Na modalidade de:  Pista Aire libre  Pista Cuberta  Campo a través  Ruta.  Montaña.  
A celebrar o día \_\_\_\_\_ no mes de \_\_\_\_\_ do ano \_\_\_\_\_

Comprometéndose a aboar o canon correspondente a firma do contrato, establecido en \_\_\_\_\_ €, e aportando a seguinte oferta complementaria (esta oferta terás en conta á hora de avaliar as solicitudes):

A cantidade de \_\_\_\_\_ €

#### SOLICITANTE

INSTITUCIÓN

ORGANIZADORA: \_\_\_\_\_

DOMICILIO: \_\_\_\_\_ C.P. \_\_\_\_\_ LOCALIDADE: \_\_\_\_\_

PROVINCIA: \_\_\_\_\_ TLF. FIXO: \_\_\_\_\_ TLF. MÓVIL \_\_\_\_\_

FAX: \_\_\_\_\_ EMAIL: \_\_\_\_\_ WEB: [www.](http://www.) \_\_\_\_\_

Nº de veces que organizou esta proba anteriormente: \_\_\_\_\_ CIF: \_\_\_\_\_

#### CONTACTO (A efectos de notificación)

PERSONA DE CONTACTO: \_\_\_\_\_ DOMICILIO: \_\_\_\_\_

C.P. \_\_\_\_\_ LOCALIDADE: \_\_\_\_\_ PROVINCIA: \_\_\_\_\_

TLF.: \_\_\_\_\_ / \_\_\_\_\_ FAX: \_\_\_\_\_ EMAIL: \_\_\_\_\_

(NON SE ADMITIRÁ NINGUNHA SOLICITUDE QUE NON VEÑA CO VISTO BO DA DELEGACIÓN CORRESPONDENTE)

Sinatura do organizador;

Vº B. Da Delegación FGA;

RESOLUCIÓN FGA

- Aprobada
- Rexeitada

O organizador

O Delegado FGA

D. Victor Arufe Giráldez

Secretario Xeral FGA

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20



## ANEXO I

### PROTOCOLO DOS CAMPIONATOS GALEGOS

Co fin de dignificar e velar pola imaxe do noso atletismo nos distintos Campionatos Galegos enunciase unha serie de aspectos que o organizador como responsable do evento deberá coidar e velar polo seu cumprimento.

- Recomendación da presenza dun **médico** no lugar da competición e unha **ambulancia**. A organización deberá dispor dun médico e unha ambulancia media hora antes do inicio da primeira proba e ata o final da xornada. Obrigatoriedade de ter un botiquín de primeiros auxilios se no evento hai menos de 200 participantes, e unha sala de enfermería con persoal sanitario suficiente para eventos con máis participantes.
  - Establecer un **marcador** en cada unha das probas de saltos e lanzamentos, co seu correspondente persoal auxiliar.
  - Marcar nos **sectores de caída** mediante bandeiras galegas u outro medio o punto no cal atópase o actual record galego para cada unha das categorías que se disputen, tanto en saltos como en lanzamentos.
  - Contar cun bo equipo de **megafonía xunto a un locutor galego parlante** que irá comentando en todo momento o desenvolvemento da competición: atletas que saen á pista, horario das probas, empresas organizadoras e colaboradoras, resultados, records e historial deportivo da proba, clubs participantes, entrevistas a gañadores, etc.
  - Colocar unha carpa ou caseta con **bebidas** para os atletas que xa competiron.
  - Colocar e adornar o **podium** con centros de flores ou plantas, así como establecer un correcto protocolo de entrega de medallas e todo o persoal de cerimonia (nenas/os con bandexas, fotografía dos premiados, nomeamento das autoridades que fan entrega das medallas, etc.), música cerimonial, etc.
  - Dispor dun equipo de **walkies** para estar en contacto entre sí os organizadores da proba.
  - Alzar a **bandeira galega e española** ben a través dun mastil ou na zona de premiacións.
  - Facilitar a cada atleta participante un **cesto** donde co fin de gardar a roupa mentres participa na súa proba.
  - Facer **folletos cos datos mais relevantes do evento: horario, breve normativa, patrocinadores e organizadores, etc.** e distribuílos a tódolos asistentes ao evento.
  - Enviar **nota de prensa** (antes e despois do evento) aos medios de comunicación da zona, convidándoos a cubrir o campionato.
  - Enviar **saúda e convite** ás personalidades do ámbito local: alcalde, concellal de deportes, etc.
  - Facer entrega de **acreditacións** as persoas que poidan acceder á pista: xuíces, membros FGA, medios comunicación, etc., evitando así a ocupación da mesma por outras persoas alleas as funcións do persoal de campo do campionato.
-





## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 - Fax:  
981-292056. Correo: secretariogeneralfga@gmail.com  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> - 15008 - A CORUÑA



XUNTA  
DE GALICIA

- Contar cun número suficiente de **persoal de campo** para o montaxe de sectores, vallas, colchonetas, etc.
- Contar cun maletín de homologación de artefactos, no caso de campionatos celebrados en pista.
- Todo o demais que se considere oportuno.

*Lembramos que durante a celebración da competición un comité de avaliación valorará a calidade organizativa e xestora da mesma, emitindo un informe final que terá repercusión favorable ou non na distribución económica á delegación correspondente.*

### A REMITIR POR EMAIL Á FEDERACIÓN NA MAIOR BREVIDADE POSIBLE

D./D<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_ con DNI N<sup>o</sup>: \_\_\_\_\_

Actuando como responsable da organización do Campionato Galego \_\_\_\_\_ a celebrar en \_\_\_\_\_ o día \_\_\_\_\_, comprométome persoalmente a cumprir todos os puntos reflexados no ANEXO I sobre a dignificación e organización de campionatos galegos.

Contando cos recursos humanos, económicos, técnicos e materiais suficientes para o seu cumprimento. No caso de non poder cumprir algún dos puntos tratados o comunicaré á Federación Galega de Atletismo a lo menos con 5 días de antelación á celebración do campionato.

En virtude disto, o organizador ingresou na conta do Banco Santander (**0049 0007 27 2212107370**) a cantidade de \_\_\_\_\_ en concepto de canon do campionato.

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ do \_\_\_\_\_

Asdo. O responsable da Organización do Evento:

D. \_\_\_\_\_

PD. Lembre remitir este escrito xunto ao xustificante do ingreso bancario e organigrama.

A Coruña, 30 de agosto de 2013  
Victor Arufe Giráldez  
Secretario Xeral



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683  
981-292056. Correo: [secretariogeneralfga@gmail.com](mailto:secretariogeneralfga@gmail.com)  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA  
DE GALICIA

---

**ORGANIGRAMA DO PERSOAL DA COMPETICIÓN** *(a cumprimentar polo organizador e remitir á FGA)*



# Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 ·  
981-292056. Correo: [secretariogeneralfga@gmail.com](mailto:secretariogeneralfga@gmail.com)  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA  
DE GALICIA

